



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 21/10/2021, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

SECRETARIO-ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

NON ASISTEN

CON EXCUSA

CONCELLEIROS

BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 21/10/2021, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixente, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO ORDINARIO PARA O EXERCICIO 2022.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE DEPURACION DE SALDOS ORZAMENTARIOS DE EXERCICIOS PECHADSO PARA A SUA BAIXA NA CONTABILIDADE PUBLICA LOCAL.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA

PRESTACION DE SERVICIOS URBANISTICOS.
5º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 7/10/2021, distribuída coa convocatoria.

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que no punto 1 da acta da sesión anterior, no que toca coa aprobación da acta da sesión de 5/08/2021 consta que *“non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde - Presidente somete á votación”*, cando en realidade houbo intervención deste voceiro no sentido de que *“o grupo Popular vai absterse, toda vez que non asistiu á sesión plenaria do 5/08/2021”*.

O Secretario – Interventor Accidental, toma nota desta intervención, desculpase polo erro cometido, e manifesta que así constará na redacción da acta desta sesión.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Acto seguido, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 7/10/2021, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO ORDINARIO PARA O EXERCICIO 2022.

Formado o orzamento municipal deste concello correspondente ao exercicio económico 2022, así como, as súas Bases de Execución e o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o contido do informe da intervención accidental para a aprobación do orzamento, e o informe de intervención sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira, ambos de data 19/10/2021, do que se desprende que a situación é de equilibrio orzamentario e que a porcentaxe de débeda viva deste concello é inferior ao límite de débeda.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que despois de moito tempo, tráese a pleno a aprobación dos orzamentos en prazo, para que entren en vigor o día 1/01/2022. É posible presentar os orzamentos en prazo, se as persoas que se encargan diso cumpren coa súa función.

Intervén José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular manifestando que nós non participamos na elaboración destes orzamentos, ademais as inversións son poucas e repítense as do ano pasado, estamos diante duns orzamentos pouco imaxinativos, por iso imos votar en contra.

Acto seguido, o Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor (4 PSOE e 1 BNG) e catro (4) votos en contra do grupo Popular, acorda:

1º) Aprobar inicialmente os orzamentos xerais do Concello de Fisterra para o exercicio económico de 2022, xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe que ascende, tanto no seu estado de gastos como no seu estado de ingresos, á cantidade de catro millóns trescentos oito mil vinte e cinco euros e sesenta e seis céntimos (4.308.025, 66 €), co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS (€)
A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS		
A.1) OPERACIONES CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	1.370.448,21 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.602.801,00 €
3	GASTOS FINANCEIROS	2.000,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	120.407,22 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00 €
A.2) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONS REAIS	1.212.369,23 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
B) OPERACIONES FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
	TOTAL	4.308.025,66 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS (€)
A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS		
A.1) OPERACIONES CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRETOS	873.639,27 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
3	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS	624.680,89 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.831.068,12 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	87.137,32 €
A.2) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	841.500,06 €
B) OPERACIONES FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
	TOTAL	4.308.025,66 €

2º) Aprobar inicialmente o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento municipal, as Bases de Execución e o Plantel de persoal aprobados, por prazo de quince días (15) hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios do Concello, a fin de que durante ese prazo os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que se consideren pertinentes, ante o Pleno da Corporación.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenta ningunha reclamación.

5º) Remitir copia á Administración do Estado, así como, á administración da Comunidade Autónoma.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE DEPURACION DE SALDOS ORZAMENTARIOS DE EJERCICIOS PECHADOS PARA A SUA BAIXA NA CONTABILIDADE PUBLICA LOCAL.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, para manifestar que a persistencia dun dereito como de dubidoso cobro, así como dunha obriga de dubidoso pagamento, é un indicio da necesidade de incluílo nun expediente de depuración de saldos para a súa baixa na contabilidade.

A baixa en contabilidade dun determinado dereito ou dunha determinada obriga, obedecerá a causas ales como a prescrición, a duplicidade, a indebida figuración contable, a anulación da correspondente liquidación ou acto que no seu momento dou lugar ao seu coñecemento, etc.

As débedas de natureza pública, en virtude do artigo 66 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, prescriben aos 4 anos.

O prazo de prescrición comeza a contar, en virtude do artigo 67.1, da devandita Lei 58/2003, desde as datas indicadas, en atención á natureza da de cada obriga, tendo transcorrido para todas elas máis de catro (4) anos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Tendo en conta que na liquidación do orzamento de 2020 observase que:

- Nas obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados existe unha cantidade de 503.498,06 €.
- No remanente de Tesourería existe un saldo de dubidoso cobro por importe de 1.026.577,23 €.

Coa finalidade de, que cando chegue o momento, poder realizar unha liquidación do orzamento do exercicio de 2021 axustada á realidade, propoño realizar unha depuración de saldos orzamentarios de exercicios pechados, e proceder á baixa nas súas respectivas contas.

Intervén o voceiro do grupo Popular, José Manuel Traba Fernández, manifestando que ao tratarse dun tema económico imos abstermos, aínda que entendemos que é necesario facer esta depuración.

Acto seguido o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor (4 PSOE e 1 BNG) e catro (4) abstencións do grupo Popular, acorda:

1º) Declarar a prescrición dos dereitos de dubidoso cobro por importe de 908.220,21 €, así como declarar a prescrición das obrigas de dubidoso pagamento por importe de 485.347,98 €, que se unen como Anexos a este acordo, polo transcurso do prazo de 4 anos, toda vez que non se exercitaron os dereitos a esixir o pagamento das mesmas.

2º) Declarar extinguidos os devanditos dereitos e as devanditas débedas de natureza pública, e ordenar as súas respectivas baixas nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRSTACIÓN DE SERVICIOS URBANISTICOS.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente José Marcote Suárez, manifestando que a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 5/06/2012, e publicada no BOP número 155, de 16/08/2021, regula no artigo 5.2.c) a taxa pola licenza de primeira ocupación / apertura / funcionamento de edificacións ou locais con instalacións comerciais, industriais, hoteleiras ou hostaleiras.

Despois de realizar varias comprobacións sobre a recadación efectiva da taxa que corresponde satisfacer pola licenza de apertura de locais comerciais, vemos que o importe recadado resulta insignificante para o expediente que comporta, xa que nin sequera cubre o gasto que ocasiona.

Na actualidade esta taxa está en 10,00 € por cada 100 m2 ou fracción, polo que propoño elevar esta contía a 1,00 € por m2 ou fracción.

Intervén o voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, manifestando que lle parece excesiva esta subida, polo que propoñe que se deixe sobre a mesa e se traia o expediente a unha sesión posterior, e durante ese período se estudie a posibilidade de poñer un tope mínimo e un tope máximo, sobre o que se mova a taxa de licenza de apertura de establecementos.

Acto seguido, o Sr. Alcalde-Presidente somete o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o asunto sobre a mesa para un posterior estudio.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o voceiro do grupo Popular José Manuel Traba Fernández, manifestando que este é un pleno extraordinario, polo que non debería incorporarse o punto de rogos e preguntas.

Intervén o secretario – accidental, Juan Carlos Carril Pérez, para manifestar que non o entende así, pois aínda que se trate dun pleno extraordinario, a competencia para fixar a Orde do día corresponde ao Sr. Alcalde-Presidente, e se está incluído este punto na orde do día, debería tratarse.

Acto seguido, o Sr. Alcalde-Presidente somete o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o punto de rogos e preguntas da orde do día desta sesión plenaria.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 20:35 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.